


ANACOS DE (),

peza para varios actuantes (*en proceso de escrita*)

Julio Fernández



RELATO DUNHA TESTEMUÑA FRONTE Á CÁMARA

-E chegou coa cara tapada dixo todo o mundo ao chan e logo sacou un arma por qué non enterraría a arma vaia por Deus Virxe santísima eu non daba crédito () era unha boa persoa aínda que un pouquiño excéntrico sufrira moito pero eu creo que era boa persoa eu poño á miña man no lume pero ese día ese día chegou coa cara tapada dixo todo o mundo ao chan e logo sacou un arma e disparou si disparou vaia por Deus Virxe santísima eu eu só escoitei catro disparos e sentín os berros dos demais veño liberar este manicomio! a pistola atrancouse era unha pistola vella de onde sacaría a pistola quizáis pensara de verdade que podía liberarnos a tiros xa é tarde para comprendelo tería sido mellor atallar o problema antes porque se vía vir non é certo? non é certo?... () tiña tiña como dicirlllo tiña

-Vostede sentiría moito

-Non.

-medo.

-Si moito medo si é natural imaxínese alí sendo testemuña dun acontecemento deses que saen na televisión e dan a volta ao mundo porque dera a volta ao mundo e eu xa nese momento o sabía non tanto coma o asasinato de alguén importante pero si extraordinario si que foi imaxínese todas as tolas berrando sabía vostede que hai unha gran discriminación nos psiquiátricos? non é o mesmo unha enfermidade que outra e ademais as condicións mellor non falar das condicións porque a resposta é peor andan noutros países onde non

hai o mínimo e aínda dan electrochocs aos pacientes aquí non hai electroschoks pero a acción de () permitiu que as cámaras entrasen e Virxe santísima o que viron non tiña nome tampouco aquí somos persoas e iso hai que dicilo ben alto non somos persoas non non somos entende?

-Pero vostede foi a primeira en

-Si

-quitar a arma ao

-Non non

-Eu só me levantei tranquilamente porque sabía que el era () e que non tiña ningunha puntería

-Pero matou ao responsable do centro

-Casualidade

-E ao seu axudante

-O azar

-E disparou a un militar

-Un militar

-Non lle parece...?

-Xa

-Entón?

-Creo que todo foi bastante normal dentro do que cabe.

-E como logrou escapar?

-Quen?

-()

-Non estou segura creo que antes de nada se suicidou.

PRESENZA EXTRATERRESTRE

- Non me sorprendera a noticia. Cantos anos soñando con isto? O mais estraño é que non teñan forma, que descoñezamos a súa
- Apenas un par de parénteses: ()
- fisonomía. Que descoñezamos a súa fisonomía antes que as súas intencións é
- Aínda máis escuro é de onde veñen.
- E no entanto, poucas dúbidas quedan da existencia de ()s. Son visíbeis desde
- Son como enormes ()s
- Esa nave situada en órbita, no ceo da noite
- Que dimensións máis extraordinarias: 7,8 kilómetros de diámetro
- Ao parecer só viaxan nela dous ()s
- Menos mal, con apenas unha ducia encherían un país mediano.
- Non poderemos convivir con eles aínda que queiran.
- Dirán de nos que somos racistas por non querer compartir o planeta Terra.
- Seguramente.
- Quizáis se enfaden
- E nos invadan
- E nos exterminen
- Pero por que esa... forma?
- Aquí na terra só existe un caso de ()
- E xa morreu
- fai tempo.
- Non fai tanto tempo.

-É posible que sexa...

-É posible...

-Non

-Xa

-O peor é

-()!

-O peor é a orden expropiatoria. Eles din que temos apenas

-Que estupidez!

-meses para... Deixa que fale.

-De onde sacaches esa información? Fala.

-É confidencial, aínda que pronto todo o mundo o saberá.

-Fala.

-Trátase dunha gravación magnetofónica. En ton galáctico os ()s din que expropian o planeta Terra para facer vivendas unifamiliares.

-Cantas?

-Non se sabe, quizáis só uns cantos *adasadas*, mil ou dos mil.

-É iso canto é en quilómetros cadrados?

-Depende do que necesiten por familia.

-O normal, 30 veces o volume do seu corpo.

-Estamos fodidos.

-Iso faime lembrar un conto tradicional.

-Cal?

-Antes de que chegasen os colonizadores, esta terra estaba chea de formigas.

ELECCIÓN MUNICIPAL

- Por quen votas ti?
- Non sei, non teño representante.
- Pero tes candidato.
- Non.
- Non.
- Notaches que esta sala ten rever?
- Verdade, si noteino.
- Notaches de veras?
- Si.
- Faga o favor de votar ou senón saia da sala.
- Xa va, xa, esta papeleta que representa?
- Que?
- Refírese a que partido...
- A que ven esa pregunta?
- Teño dúbidas. E vostede tamén ten dúbidas, xa sabemos, vostede non pode expresar as súas dúbidas porque agora mesmo cumpre cunha responsabilidade co
- Faga o favor
- pobo
- Fai lle caso.
- Non.
- Como que non?
- Fai lle caso.
- Vou votar por algo que non sei que significa. Necesito saber que é ().

- Meta unha papeleta e deixe
- Mete esa papeleta, fai lle caso.
- A que veñen tantas présas?
- Por favor.
- Xa o dixera, teño dúbidas.
- Mire, ve? Estou levantándome, diríxome cara vostede, pídlle que saia da sala, agora quizais vostede replicará con insultos, quen sabe? Du non, seguramente é vostede educado no fondo, aínda que calquera o diría. Mire, ve? Estou camiñando, miro aos seus ollos. Non debería desafiarme. Eu son o presidenta da sala. Este é un acto democrático, se quere votar vote, e se non quere votar non vote, faga o que queira, pero non fastidie, aquí non está permitido falar en voz alta. Entende?
- Eu
- Estou a pedirlle sinceramente que marche.
- Veña.
- De acordo. Voume. Si voume, pero que saiba que hoxe en día todo é (), só porque () é sinónimo de (), e isto é (), aínda que o contido de () non estea nada claro, e moito menos a súa orixe, e isto non é lóxico, non é nada lóxico.
- Non ves os nomes?
- Os nomes?
- Si, os nomes, o contido, o interior. Iso é o que tes que
- Pero son só
- nomes.
- votar. E que queres?

PROXECTO ()

-Que traes na bandexa?

-A

-Déixame ver esa carta.

-É a carta ().

-Unha carta (). Interesante.

-Non o recorda? O proxecto (). Fai tempo vostede ordenou que cada mes por sorteo unha carta

-Xa, é suficiente, recórdoo perfectamente. Cantas son en total?

-Centos e centos cada día, pero só unha

-É elixida, xa, non digas máis. Centos.

-E que método?

-O azar, naturalmente.

-E esta foi elixida...

-Ao azar.

-Seguro?

-Seguro.

-Non sexas tan desconfiado, home, faille caso.

-Abre.

-Que abras a puta carta.

-Le.

-Que leas!

-A quen teña por ben axudarme. Teño un fillo tetraplético en situación irregular que está a punto de ser expulsado deste país por non conseguir

-Para.

-traballo.

-Que pares!

-Pódesmo explicar?

-Que?

-E que non hai control?

-Onde?

-No proxecto ()

-Que?

-Esa carta é unha reclamación, unha reclamación.

-Síntoo, non me percatara.

-Ten o ton dunha queixa.

-Unha queixa, ti o dixeches. E que o proxecto () non ten requisitos ningún?

-Si os ten desde logo non os cumpre.

-E esa foto?

-Do fillo tetraplético.

-Ves? velo? Non admitimos fotos nas cartas.

-Escollo outra?

-Vamos, móvete!

-Esta parece unha postal. Unha felicitación diría eu.

-Moi ben.

-Unha felicitación desde

-Esta está moi ben.

-É bonita.

-París.

A VELOCIDADE

-Non soporto. Está por todas partes, polas paredes, no chan. E todo un paradigma dos tempos que corren

-Que queres dicir?

-Que a velocidade que se representa será imposible borrar

-Borrar que?

-Contesta. Dime.

-Ese boneco de madeira representa a (), xa sabes, non fai falta que o nomee.

-Pero non se parece a... Non se parece en absoluto a...

-É ()

-Son monicreques inspirados en fotografías de...

-Pero eu non quero ver monicreques, quero ver a (), vexo a ()

-Morreu. Acépt

-Que?

-Acéptao.

-Por que non podemos pronunciar o nome de () ?

-Dicir... sería coma admitir que..., xa sabes

-Escoita:

(), (), (), (), (), (), (), (), (), (),

(), (), (), (), (), (), (), (), (),

(), (), (), (), (), (), (), (),

(), (), (), (), (), (), (),

(), (), (), (), (), (),

(), (), (), (), (),

(), (), (), (),

(), (),

(),

-Cala!

-Non vou calar. Érase unha vez unha muller preñada que encontraran no bosque cun balazo atravesado no cerebro e sacaron ao neno que estaba á saír da tripa da morta para que cando fose adulto puidese loitar pola liberdade dun país que xa entón morrera de crueldade nas escolas, pero chegado o momento atravesáronlle tamén a el o cerebro para que non tolebase e

-Cala!

-Estamos no manicomio. Podo falar todo o que queira.

-Estamos no teatro dun centro de rehabilitación.

-Dun centro de rehabilitación na rúa que está no teatro dun manicomio.

-Que?

-A túa placa

-Que?

-A túa placa, que pon?

-Axudante.

-Máis abaixo.

- () () () () () () () () () () () () () () () ()

-Borrar que?

-O seu recordo.

VOZ TV

-autos robados / casas ocupadas / familias rotas / bancos asaltados / gasoleneiras queimadas / un só / non é posible / seguramente é unha montaxe / TODO PREVISIBLE NO ENTANTO / cigarrillos bomba / asasinatos / atentados / todo culpa de / É () / mira / que guapo / búscase / daráse recompensa / premiaráse calquera información / pero xa está morto / suicidárase / non se sabe / () sempre será () / pero el / e no entanto onde? / onde se suicidou? / onde está o seu corpo? / A SÚA FOTO ESTÁ POR TODAS PARTES / morto / ou vivo / dá igual / a cousa é / detelo / como sexa / DOUS INOCENTES MORTOS E CINCO FERIDOS, ENTRE ELES UN MILITAR / non ten sentido o que / Críase un liberador / Ninguén lle tiña ordenado liberarnos / estabamos moi ben sen os seus ridículos asaltos / somos enfermos que necesitamos protección, non liberación / a liberdade para as masas, non para os individuos / por que se tapaba o rostro cun pano de seda? / parecía un Ché / ou un zapatista / ou un traballador do metal / era un estúpido heroe / os heroes non son estúpidos / son coma nós / O MILITAR FERIDO RESULTARA SER O NOIVO DA MANLITA / cantante / famosa / 35 anos / modelo / estupenda / A MANLITA EN DECLARACIÓNS Á PRENSA FELICITA AO GOBERNO / pero si non o detiveron aínda / por que o felicita?, que felicita?, para que felicita? / esta tía é / realmente / sempre igual / cren que por saír na tele son algo / pero se non sabe nin sequera / *su puta madre* / pero que dis? / non utilices palimpsestos / utilizo o que sae da cona / pero se non sabe ler nin escribir / esta tía non é unha tola como nós / é *gilipollas* / non a insultes / para iso lle pagan / para que a insulten / pero ti que fas mirando o noticiario? / non asegurabas que non comprenderíamos xamais a realidade? / Non teñen ningunha pista / pero que fai? / por que berra? / por que se ispe? / Non saben si está morto ou vivo / Boto de menos / () era un tipo / Mira que peitos / Un tipo xenial / Eu tamén boto de menos / pero que non intente liberarnos de novo por favor / Non me fagas rir / Por que? / É certo que estaba...? / Quen? / Xa sabes / completamente